- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e



### Contidos

- teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
10	Look what you know!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer o sentido global e as informacións específicas máis elementais de texto orais e escritos breves.	PE	60
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e información esencial.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios moi elementais en soporte impreso e dixital.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar as similitudes e diferenzas entre linguas do seu repertorio.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuizos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuizos lingüísticos e culturais.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Participar en situacións interactivas breves e simples.	TI	40
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar de xeito simple, pedindo que se lle repitan os puntos clave.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender preguntas elementais e dar e comprender información.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> </ul>

## Contidos

- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e

## Contidos

- teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

De conformidade co Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía será comunicativa, activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada. A aprendizaxe será constituída a través de situacións de aprendizaxe relacionadas coa realidade presente do alumnado.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Porén, fomentarase o traballo grupal, por equipos, parellas e individual.

Ademais, fomentarase o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e a lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e recursos DUA, con materiais de creación propia ou elaborados en plataformas de aprendizaxe diversa.

En canto aos espazos, a aula de referencia será a de cada grupo, pero poderemos utilizar as aulas de ordenadores, o patio ou a biblioteca para as actividades que así o requiran.

Finalmente, neste apartado, cómpre resaltar que na materia de Inglés Primeira Lingua estranxeira está terminantemente prohibida a utilización de calquera ferramenta de tradución automática ou de intelixencia artificial que substitúa o traballo real do alumnado e por tanto impida a súa aprendizaxe significativa.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos DUA
Influence Today 1 (Student's book)
Actividades interactivas con diferentes recursos e materiais.
Materiais de repaso
Aula Virtual do centro
Materiais de apoio

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Student's Book Influence Today 1 de Macmillan Education ISBN 978-1-380-08606-8

Materias de apoio de explicacións co uso das TICs e recursos online.

Materiais de repaso para alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Materiais extra: recursos web, xogos, vídeos e textos de actualidade e de tipo cultural.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo ( por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel ou cuestionario de opción múltiple.

4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

Ademais, poderá facerse unha avaliación inicial ao inicio de cada unidade como queceamento (warm-up) para saber os coñecementos previos do alumnado da unidade a tratar.

Para aquel alumnado que se incorpore tardiamente, haberá o mesmo procedemento de avaliación inicial que se fixo ao inicio de curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

De acordo co establecido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolver o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, a avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as

dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos de aprendizaxe.
- Sumativa, pola propia natureza da materia que esixe unha demostración da competencia comunicativa en todas as destrezas ao termo de cada trimestre.

Para a cualificación trimestral contaremos coa seguinte ponderación segundo as diferentes destrezas:

#### BLOQUE 1:

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita e/ou táboa de indicadores con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar ou preguntas de resposta curta, etc...

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita e/ou táboa de indicadores con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar ou preguntas de resposta curta, etc...

3. PRODUCCIÓN ORAL, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10): 15%

Instrumentos de avaliación: táboa de indicadores

4. PRODUCCIÓN ESCRITA, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10): 20%

Instrumentos de avaliación: táboa de indicadores e proba escrita (10% proba escrita + 10% outras tarefas)

#### BLOQUES 2 e 3:

5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE E INTECULTURALIDADE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3 + CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 15%

Instrumentos de avaliación: táboa de indicadores e/ou tarefas escritas, e diario de aprendizaxe do alumnado

Cómpre resaltar que na avaliación das diferentes destrezas e bloques anteriormente sinalados, o alumnado terá que poñer en práctica con corrección e fluidez os contidos asociados, incluíndo as unidades lingüísticas, léxicas e fonolóxicas traballadas na aula que se presentan como un saber integrado avaliábel en calquera dos bloques.

A avaliación final da materia acharase coa ponderación das tres avaliacións conforme ás seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40%

A avaliación final ordinaria será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

#### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

O alumnado que, tendo en conta os resultados dos tres trimestres, suspenda a materia terá que presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación. Esta proba terá lugar dentro do horario escolar da materia, antes da sesión terceira de avaliación parcial e de avaliación final (coincidentes segundo o establecido na Orde do 27 de decembro de 2022, DOG 5 xaneiro) e dacordo co calendario establecido polo Equipo Directivo do centro para o ano académico en curso. Esta proba será escrita e de carácter global e constará de exercicios que engloban todas as destrezas, excepto a de produción oral na que se terán en conta as notas que o alumnado obtivo ao longo do curso. Para a cualificación da proba seguiranse os mesmos criterios que durante o resto do curso segundo o establecido na PD do Departamento. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai materia pendente en 1º curso.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

Tendo en conta os principios de educación común e de atención á diversidade aos que se refire o artigo 21 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, na etapa de educación secundaria obligatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso.

Deste xeito, poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas para axudar a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidade persoais. Para iso favorecerase a flexibilización e o emprego de metodoloxías variadas e de avaliación.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

#### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico					X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores							X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X		X	X	X	X	X
ET.10 - Cidades e comunidades sustentábeis		X		X				
ET.11 - Saúde e benestar			X			X		
ET.12 - Fin da pobreza					X		X	
ET.13 - Industria, innovación e infraestrutura							X	
ET.14 - Producción e consumo responsábeis				X	X	X	X	
ET.15 - Vida de ecosistemas terrestres						X		
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico							X	
ET.17 - Redución de desigualdades		X					X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X

	UD 9	UD 10
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade		
ET.10 - Cidades e comunidades sustentábeis		
ET.11 - Saúde e benestar		
ET.12 - Fin da pobreza		
ET.13 - Industria, innovación e infraestrutura		
ET.14 - Produción e consumo responsábeis		
ET.15 - Vida de ecosistemas terrestres		
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico		
ET.17 - Redución de desigualdades		

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

Inclúense en todos eles os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible expostos nas Nacións Unidas (SDGs).

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Cinema en inglés	Actividade para reforzar a comprensión oral do alumnado.	X	X	

### Observacións:

Calquera actividade complementaria que poida xurdir ao longo do curso será engadida na memoria final de actividades complementarias.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as
Metodoloxía empregada
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades

### **Descrición:**

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe a través dunha app virtual.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**